



Pragas e doenzas

Unha guía práctica

Rosendo Luís Estévez Parada

978-84-127425-1-0 | Encadernación rústica cosida | 22,4×17×1 cm
| 84 páxs. | Divulgación, manual práctico | 19,90 €
4v0043

autoconsumo, autosuficiencia, doenza, froiteiras, praga,
remedios ecolóxicos, soberanía alimentaria, xestión forestal

Cunha linguaxe sinxela e clara, Rosendo Estévez, experto en agricultura ecolóxica, explícanos neste libro cales son as principais pragas e doenzas coas que nos atopamos en Galicia tanto nas hortas e froiteiras coma nas plantas ornamentais ou forestais.

Ensínanos a diferenciar entre praga e doenza centrándose nas principais causas e ofrécenos varios remedios ecolóxicos cos que evitalas e combatelas.

Esta é unha guía visual, con fotos e vídeos reais que o propio autor foi realizando no seu traballo diario e como docente e experto en agricultura sustentable e xardíns, experiencia que comparte en obradoiros por toda a xeografía galega e en distintas aparicións en programas da TVG. *Pragas e doenzas. Unha guía práctica* é o terceiro libro que Rosendo Estévez publica en Catro Ventos Editora despois da obra colectiva *Polo rego. A universidade do campo* (2020) e do seu exitoso primeiro libro en solitario *Podas e enxertos* (2022).

Que fago se teño pulgón na roseira? Como trato o mildio nos tomates? Que é esa mancha negra que lles sae ás mazás?





Rosendo Luis Estévez Parada

Técnico en explotacións agrícolas e experto en conservación de alimentos e depuración de augas, dá cursos de agricultura ecolóxica. Canda a súa muller, leva o proxecto Trasdeza Natur, pioneiro na deshidratación de produtos ecolóxicos, moitos deles procedentes da súa horta sustentable. Rosendo é coñecido por ser o mestre de Agricultura Sustentable e Xardíns na serie de divulgación da TVG *Polo rego. A universidade do campo*, serie da que Catro Ventos editou en 2020 en formato libro unha selección dos mellores programas.

